



O novo fito
no muxido
robotizado

Lely Astronaut A5

Observamos as vacas e escoitamos os nosos clientes. O resultado foi un brazo híbrido completamente novo, case sen consumo de aire e cunha gran precisión na conexión. Consequimos tamén unha maior capacidade de muxido cun menor custo enerxético, así como unha maior fiabilidade e facilidade de uso. Todo isto fai do Lely Astronaut A5 o robot que marca unha nova era no muxido automatizado e que lle permite ao gandeiro de leite afrontar o futuro con garantías de éxito.

O seu Lely Center local daralle máis información sobre este fito no muxido.

GALICIA, ASTURIAS E CANTABRIA

AGROTEC ENTRECANALES SL - LELY CENTER OUTEIRO DE REI
Parque empresarial de Matela, P11A, nave 1
27150 Outeiro de Rei (Lugo)
Tfno. +34 671 646 745
loscorralesdebuelna@cor.lelycenter.com

CASTELA E LEÓN, MADRID E TOLEDO

TECNOLOGÍAS DE ORDEÑO SL - LELY CENTER ÁVILA
C/ Hornos Caleros, 29
05003 Ávila
Tfno. +34 920 254 116
avila@avi.lelycenter.com

PAÍS VASCO, NAVARRA E CATALUÑA

LELY IBÉRICA CSV SA - LELY CENTER IN AIZOAIN
Polígono Iruregaña, naves 5 e 6
31195 Aizoain (Navarra)
Tfno. +34 629 083 587
aizoain@aiz.lelycenter.com



AMETSLEKU, Á VANGARDA NA LIMPEZA CON LELY

A gandería Ametsleku naceu en 2002 e recentemente reformou as antigas instalacións para introducir a raza fleckvieh e instalar o Discovery Collector para a limpeza, unha aposta que fixeron pola súa adaptación á estrutura da granxa e a calidade da hixiene.



N o Valle de Carranza (Biscaia) atópase a explotación que dirixe Alejandra Aras xunto a súa parella. En 2002 abriron Ametsleku, que, como o seu propio nome indica, é *amets* por un lado, que significa 'soño', e *leku* por outro, que é 'lugar' en vasco: "É un pouco o noso pequeno gran soño, a nosa aposta de vida", afirma Alejandra.

Empezaron con dúas xovencas, coas cales se moveron por España, foron evolucionando ata a actualidade, na que fixeron un gran cambio ao reacondicionar as vellas instalacións que pertencían á familia da parella de Alejandra. Actualmente teñen 180 animais, dos cales un 30 % son fleckvieh, unha raza coa que están aprendendo a traballar: "Estámonos coñecendo aínda". O centenar de vacas que teñen en produción dan unha media de 33 litros/vaca/día.

A aposta pola nova raza fixérona polas calidades; de feito, a graxa ascende a un 4,5 % e a proteína a un 3,5 %. Ademais, "debemos dicir que o trato é exquisito, son ani-

mais de unha nobreza que chama a atención e de fácil manexo. Para min as fleckvieh eran unhas descoñecidas, pero a día de hoxe estamos contentos coa elección".

ADAPTACIÓN DAS FLECKVIEH AO ROBOT

Lely instalou nesta explotación o Astronaut A3 reacondicionado con todas as actualizacións que ten un robot actual: o engraxamento dos cilindros en cada muxido, bomba de baleiro con un *kit* de autolimpieza; en definitiva, un robot actualizado co último software de Lely.

A gandeira resalta que as frisonas non teñen ningún problema por acceder ao muxido no sistema robotizado, pero "é sorprendente o fluído que ten tamén coas fleckvieh, non houbo problemas de adaptación, van con moita frecuencia e o comportamento no robot é moi tranquilo".

O Astronaut A3 ofrécelles información diaria aos gandeiros, algo que destacan nesta gandería de Carranza. "O día a día ás



O Lely Collector permite elixir o punto de descarga

veces atropélanos e sobre todo con certo volume de animais, pero dunha forma moi sinxela, ademais de moi fiable, tes acceso a moitos datos que che facilitan tanto o manexo como a detección de posibles celos ou problemas", resalta Alejandra. Trátase dunha ferramenta que ben empregada achega información que é útil na boa xestión dunha granxa.

A gandeira Alejandra Aras xunto ao director comercial de Lely Alberto Sánchez



Dispoñen do Astronaut A3 reacondicionado

UN SISTEMA DE LIMPEZA AUTOMATIZADO

Na última renovación desta explotación apostaron por introducir un sistema de limpeza automatizado e fixérono incorporando o Discovery Collector, o cambio máis destacado desta explotación. “Esta elección foi porque nos ofrecía axeitarse ás instalacións que xa tiñamos. Tamén vimos que a calidade da limpeza era excelente e que nos ofrecía un punto de descarga que nós podíamos elixir”, comenta.

O Collector está deseñado para estas instalacións con pisos sólidos e adopta un enfoque diverso e revolucionario en comparación cos raspadores tradicionais. Non

empurra o esterco, senón que o aspira, o que permite que non se acumule e a limpeza sexa permanente, de forma que se inhibe o crecemento de bacterias, o que garante unha maior limpeza de pezuños, ubres e colas. Ademais, a máquina non require cables nin canles e podes navegar facilmente entre as vacas, portas de clasificación, arredor dos corredores do cubículo e área de espera.

Nesta explotación, “o Collector sae nas horas pares e, cando enche a súa capacidade de 350 litros, retorna á estación de orixe onde está o orificio e aí procede á descarga”, explica Alberto Sánchez, director comercial de Lely Center.

LELY DISCOVERY COLLECTOR

- Mide 1.411 mm de longo e 1.188 mm de ancho. Ten unha altura de 606 mm, pesa 390 kg e soporta un peso máximo de carga de 750 kg.
- Dispón de dous motores eléctricos (cada motor conduce unha roda). Conta cunha batería de 12 v, con 55 Ah de capacidade e cárgase nun máximo de seis horas. Desprázase a unha velocidade de 100-200 mm/s. A capacidade de limpeza é de 500 m² con 100 vacas a un intervalo de 2 horas.
- O consumo medio é de 125 W (3 kWh/d).
- Dispón de sensores de navegación, un xiroscopio e outro sensor ultrasónico.
- As bolsas de almacenamento de auga teñen unha capacidade de 70 L cada unha e a velocidade de descarga da auga é de 3,5 mm L/min.
- É silencioso, cunhas emisións acústicas por debaixo de 70 dB.

AUGA PARA UNHA MAIOR SEGURIDADE

As rutas e a frecuencia de limpeza pódense configurar en función das necesidades que teña o gandeiro. Se desexa axustar o programa, por calquera razón, pode facelo facilmente usando o seu teléfono móbil. Dispón de dúas bolsas de auga que, a medida que vai absorbendo o esterco, primeiro vaino humedecendo e, unha vez que está absorvido, molla o chan por detrás para que quede moito máis limpo e as vacas non esvaren.

MELLORAS NA SAÚDE

Coa limpeza de Lely Collector búscase conseguir unha mellor saúde nas patas dos animais e, en consecuencia, unha mellora nos problemas de mastite. “Ao ter as vacas as patas limpas, van meter menos esterco nas camas, polo que haberá menos problemas de saúde e tamén se mellorará na reprodución, xa que mostrarán de forma máis natural os seus celos e imolos poder observar mellor”, explica Alberto. Trátase dunha máquina totalmente eléctrica que consegue que as vacas estean ao nivel do chan, que este se manteña limpo as 24 horas do día e “por suposto, intentamos que os animais estean mellor e así prolongar a súa vida”. ■